

**ACTA Nº 2019/02**  
**SESIÓN Extraordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN**  
**- SALON DE PLENOS, xoves 24 de xaneiro de 2019 -**

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria-Interventora, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:**

SECUNDINO GARCIA CASAL

**ASISTEN:**

BNG

MANUEL VARELA MECIAS

SABELA IÑIGUEZ CINZA

MANUEL BECEIRO COUCE

AMPARO CALVO GONZÁLEZ

XESÚS SOTO VIVERO

ANA BELÉN BREIXO GUNDÍN

PP

MANUEL ROMERO CASTRILLON

MARIA BELEN TRIGO MEIZOSO

PSOE

YOLANDA VAZQUEZ PAZOS

**AUSENCIAS:**

CRISTINA CALVO TUIMIL (PP)

**SECRETARIA ACIDENTAL:**

MÓNICA CIBREIRO CANEIRO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

**ÚNICO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DA ALCALDÍA A PROL DA RESTAURACIÓN DO SERVIZO DE PEDIATRÍA NOS CONCELLOS DE SAN SADURNIÑO, MOECHE, CERDIDO E AS SOMOZAS; PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA PARA A TRAMITACIÓN COMO ASUNTO URXENTE.**

O alcalde explica que no mesmo momento en que se celebra este pleno se están celebrando plenos polo mesmo asunto en Cerdido e Moeche, tendo sido convidado a realizar a mesma acción o concello de As Somozas, sen que manifestara o seu interese por sumarse á mesma.

Consta no expediente a seguinte proposta da Alcaldía, que non foi sometida a ditame da comisión previa, polo que debe ser sometida para a súa consideración de urxente, polo que se procede a someter a votación, sendo **aprobada con oito (8) voto a favor das concelleiras e concelleiros do BNG e PSOE e dúas (2) abstencións da concelleira e concelleiro presentes do PP:**



## *"PROPOSTA DA ALCALDÍA A PROL DA RESTAURACIÓN DO SERVIZO DE PEDIATRÍA NOS CONCELLOS DE SAN SADURNIÑO, MOECHE, CERDIDO E AS SOMOZAS*

### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*Desde o día 14/01/2019 os centros de saúde de San Sadurniño, Moeche, Cerdido e As Somozas non dispoñen de pediatria. O servizo víñase prestando no centro de saúde de San Sadurniño durante toda a semana entre as 9 e as 11 da mañá, mentres que os martes a pediatria se desprazaba ás Somozas na segunda metade da súa xornada laboral, os mércores a Cerdido e os xoves a Moeche, reservando os luns e os venres exclusivamente para San Sadurniño.*

*A pediatria que ocupaba o posto optou a un concurso de traslados e a praza quedou sen cubrir. Ante esta situación, as familias que se dirixan ao centro de saúde non serán atendidas por un pediatra, senón por un médico puericultor, e non todos os días, o que causa fonda preocupación entre as persoas afectadas que ven como o servizo sanitario cada vez é máis deficitario.*

*Desde o Concello, tras confirmar que a situación trasladada polas familias era real, contactamos coa Xerencia de Xestión Integrada da Área Sanitaria de Ferrol, onde se nos informa, telefonicamente, que carecen de pediatras e que a previsión é que haxa en San Sadurniño un médico puericultor 3 días á semana, e que o resto dos días a atención a preste un médico de familia, sen garantir nin sequera que sempre sexa o mesmo, xa que depende da boa vontade destes profesionais para asistir á consulta. Ademais suspéndese a itinerancia nos concellos de Moeche, Cerdido e As Somozas. Así mesmo, non se dá unha data de previsión para restaurar o servizo de Pediatría nos nosos concellos pois carecen de pediatras.*

*Transcorrida unha semana nesta situación, que por outro lado se podía prever xa que o traslado da profesional que ocupaba a praza non é un proceso "instantáneo", os alcaldes dos concellos de San Sadurniño e Cerdido e a alcaldesa de Moeche solicitaron unha entrevista co xerente da Área Sanitaria de Ferrol.*

*Cómpre enmarcar todo isto na deriva xeral que está a levar a Xunta de Galicia na xestión da sanidade. O grave deterioro polo que avanza a prestación dos servizos sanitarios, nomeadamente nos concellos rurais, é froito de decisións exclusivamente políticas, e polos recortes acometidos polo Goberno galego nos últimos anos, coa adopción de medidas que afondaron no desmantelamento dos servizos sanitarios: redución de orzamentos, peche de máis de 700 camas hospitalarias, privatización de servizos, xubilacións de centos de profesionais e falta de convocatoria de novas prazas de persoal sanitario, o que levou á emigración (a Portugal, Inglaterra, Irlanda, Suecia...) a moitos especialistas que vían como non se lles ofrecía garantía nos postos de traballo. A isto hai que engadir as enormes dificultades impostas para acceder aos estudos de Medicina, ou a derivacións de doentes a centros privados, co obxectivo de converter o dereito á saúde nun negocio, e favorecer que uns poucos se lucren a costa da enfermidade.*

*A Atención Primaria, a que nos afecta no día a día, foi o ámbito da sanidade pública galega que con máis intensidade sufriu os recortes. Nos orzamentos da Xunta deste ano 2019 destínanse 188 millóns de euros menos ca os que había en 2009, cun recorte acumulado de arredor de 2.188 millóns de euros.*

*As consecuencias son tremendas: masificación de consultas, cupos desbordados, redución de profesionais, non substitucións de profesionais, listas de espera de ata 10 días para o médico de familia, peche de axendas, saturacións, profesionais que ao teren que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, PACs ao límite e falta de especialistas, como no caso da Pediatría.*

*E a todo isto hai que engadir outra dinámica, que é o abandono do rural, a perda de servizos, o despoboamento e a perda de dereitos das persoas que residen non concellos rurais. Nesta lexislatura, que desde o Goberno galego presentou como a "lexislatura do rural", constatamos unha vez máis que fixar poboación é tarefa imposible cando servizos básicos como o ensino -con centros da década dos 70 sen*

*grandes melloras e con menor oferta que nas cidades ou vilas-, o transporte -elemento vertebrador fundamental para vivir aquí- ou a sanidade, non son, nin de lonxe, prioritarios para o Goberno galego, nin se reflicten as súas palabras en orzamentos e servizos de calidade.*

*Polo tanto, a suspensión do servizo de pediatría nos nosos concellos, sexa ou non temporal, supón que:*

- As nosas nenas e nenos non terán especialista en pediatría, malia ser un dereito que, en teoría, teñen todas as familias, tanto as das cidades coma as do rural*
- Os centros de saúde de Moeche, Cerdido e As Somozas verán minguada a calidade asistencial xa que careceran tamén do servizo itinerante que se lles viña prestando.*
- O horario de atención vaise ver claramente diminuído, posto que non se substitúe a totalidade da xornada da anterior pediatra.*

*Ante a situación, á marxe das xestións realizadas polos Concellos afectados, as nais e pais, nun exercicio de civismo, do que os concellos nos debemos sentir orgullosos e apoiar abertamente, organizáronse e exerceron o seu dereito para reclamar a restauración do servizo de Pediatría, xa for mediante escritos, a presentación de reclamacións individuais ou a difusión nas redes sociais. Unha destas vías foi a entrega, por parte da ANPA do colexio de Moeche, dun escrito, elaborado por unha nai, para facérllelo chegar ás familias. Un escrito no que se solicitaba que cada familiar fixese unha reclamación individual libremente. Lamentablemente, a Consellería de Educación, nun prazo inferior a 24 horas, enviou un inspector ao CEIP San Ramón de Moeche coa denuncia do envío dese escrito ás familias, para recriminarlle ao claustro este feito, e prohibir a difusión do escrito nos demais centros. É moi preocupante que a Consellería de Educación, con extrema e inusual rapidez, use os seus medios, de maneira partidista, cando non represiva, para amendentrar aos profesionais da escola e ás familias, co único obxectivo de apagar as voces que demandan un dereito esencial, que afecta directamente a todo o alumnado infantil, e limitar así os seus medios e vías de expresión democrática.*

*Perante esta situación, os concellos, como garantes dos dereitos dos seus veciños e veciñas, e como órganos soberanos de representación cidadá, deben tomar postura, apoiar ás familias afectadas e demandar con rotundidade que se tomen as medidas oportunas para asegurar uns servizos de calidade.*

*Polo anteriormente exposto, e sendo sanidade pública un dereito irrenunciabile de todas e de todos, esta Alcaldía propón ao Pleno do Concello de San Sadurniño a adopción dos seguintes acordos:*

- 1. O Concello de San Sadurniño esixe á Xunta de Galicia o inmediato restablecemento do servizo de pediatría nos concellos de San Sadurniño, Moeche, Cerdido e As Somozas, como mínimo tal e como viña funcionando ata agora, como un dereito esencial de todos os nenos e nenas dos nosos municipios*
- 2. O Concello de San Sadurniño esixe ao Goberno galego a igualdade no acceso aos servizos básicos de sanidade e de educación para os concellos rurais, sen que se teñan en conta nin ratios nin eficiencia. Os servizos públicos non son unha empresa que teña que dar beneficios*
- 3. O Concello de San Sadurniño esixe da Consellería de Educación e da súa Xefatura Territorial da Coruña explicacións sobre os termos da denuncia e a súa posterior actuación no CEIP de Moeche, esixindo así mesmo que a Consellería non limite os medios de expresión e de defensa dos dereitos que afectan á comunidade educativa, e que nomeadamente se desculpen cos pais e nais que só reclaman pacificamente un dereito."*

O alcalde dá lectura da proposta e cédelle a palabra ao portavoz do BNG, Xesús Soto, que agradece a asistencia do público ao pleno para ver o debate que se produce nel, indicando que a alta asistencia



demostra o interese que esperta esta cuestión.

O portavoz relaciona o debate que se produce neste pleno co que se produciu no pleno anterior sobre a situación dos PAC's, a consecuencia da modificación constitucional do artigo 135. Afirmar que os recortes dos que se falou no pleno pasado son os que xeran a situación que se debate hoxe. Asegura que hai textos legais que garanten o dereito ao servizo de pediatría e que isto reflexa a gravidade da situación, que é derivada de falta de previsión e xestión por parte dos responsables políticos encargados da xestión da sanidade; xa que o concurso de traslados se coñecía desde hai tempo e por parte do SERGAS non se convocaron as oportunas prazas. Insiste en que isto é un feito máis consecuencia dos recortes sanitarios e que se dá a mesma situación, ou mesmo peor, noutros concellos de Galicia.

A portavoz do PSOE, Yolanda Vázquez, manifesta o seu acordo, sinalando que os problemas en San Sadurniño xa comezaron cando estivo sen substituírse a un dos médicos de familia durante moito tempo e agora existe o mesmo problema para os pequenos. Sinala que tamén consideran excesiva a medida da Consellería de Educación de enviar unha inspección por reclamar algo xusto.

A concelleira do PP, Belén Trigo, comeza manifestando o seu acordo coa necesidade de que se repoña o servizo de pediatría nos concellos de San Sadurniño, Cerdido, Moeche e As Somozas. E quere sinalar tamén que en ningún momento os nenos de San Sadurniño estiveron desatendidos, non só pola figura do pediatra, senón por un sistema combinado entre un médico puericultor, un médico de familia e un pediatra, alternativamente.

Realiza unha serie de consideracións sobre a existencia, composición e publicacións dunha plataforma que reclama o servizo de pediatría nestes concellos, creada nas redes sociais; afirmando que se verteron desde ela comentarios pexorativos para o Partido Popular. Manifesta tamén que ten coñecemento de que o alcalde de As Somozas non foi convidado á reunión das alcaldías coa Xunta e que só se puxeron en contacto con el para unhas pancartas e convocar o pleno.

Informa de que na reunión do delegado territorial da Xunta se lle trasladou que querían que se repuxera o servizo de pediatría, mentres eran acusados de politizar a sanidade nas redes sociais. Di que o delegado lles trasladou a dificultade para cubrir o posto en ausencia da titular, porque as persoas que realizan esas substitucións teñen os traballos polas tardes e fan "de favor" eses traballos polas mañás e que blindou o servizo de pediatría, garantindo que non se vai sacar ese servizo, pero que non hai pediatras.

Di que no día de hoxe se reuniron co xerente da área sanitaria de Ferrol e que lles trasladou diversas informacións sobre este tema.

Manifesta que é necesaria unha reforma da sanidade que debe facer o Ministerio.

Fai referencia e amosa o seu malestar polas manifestacións por parte do alcalde nas redes sociais.

Procede a dar lectura a un comunicado que se reproduce a continuación:

*"Comunicado do Partido Popular de San Sadurniño, en relación a Restauración do Servizo de Pediatría nos concellos de San Sadurniño, Moeche, Somozas e Cerdido. O Partido Popular de San Sadurniño quere deixar claro e facer "constar en acta de este Pleno extraordinario" os seguintes puntos:*

*1- Deixar moi claro que estamos totalmente de acordo coa necesidade de "Restauración do Servizo de Pediatría nestes catro concellos. O Partido Popular de San Sadurniño apoia en todo momento estas reivindicacións feitas polas familias afectadas e ponse a súa disposición para buscar calquera solución mellorable.*

*2- Os representantes do Partido Popular ante esta situación e invitados polo Sr. Alcalde das Somozas, fixemos o propio, "nos reunimos co Delegado Territorial da Xunta de Galicia e obtivemos a resposta que os medios fixeron pública, e que di literalmente: "reiteró el compromiso del gobierno gallego de restaurar el servicio Pediatría en el centro de salud de San Sadurniño cuando se encuentre un pediatra." Tamén tivemos hoxe outra reunión co Xerente da Área Sanitaria de Ferrol.*



4

3- *En ningún momento o Partido Popular de San Sadurniño recibiu, (oficialmente ou extraoficial mente) invitación, ou chamada para colaborar na solución de este asunto. En ningún momento se contou con Nós para tratar este tema. O que si recibimos foron "insultos e descalificacións por parte do Alcalde e seguidores - "que se poden contrastar nas redes sociais"- mentres Nós faciamos as xestións que consideramos mais axeitadas para dar solución ó asunto.*

4- *En ningún momento por parte do Partido Popular de San Sadurniño, (ata a fecha de hoxe), non se fixo alusión, nin publicou, nin comentou nas Redes Sociais, nada relacionado con este tema.*

5- *O Partido Popular de San Sadurniño, non venderá politicamente, nin participará en ningún circo mediático, relacionado cos Nenos, coa Educación e a Sanidade do noso Concello.*

*Por este motivo ó Partido Popular de San Sadurniño abandona este Pleno Extraordinario pola "total e absoluta desconformidade coa XESTIÓN do Alcalde, Sr. Secundino García sobre este asunto".*

O alcalde di que lle gustaría contestar ás alusións persoais antes de que abandonasen o pleno, manifestando que non insultou a ninguén, salvo que se sintan representadas en determinadas expresións. Manifesta que o xerente da área sanitaria e o delegado territorial da Xunta están a facer un uso partidista dos seus cargos ao reunirse con portavoces do PP e non coas alcaldías, cando se lle ten solicitada unha reunión. Afirmar que a alcaldesa de Moeche se puxo en contacto co alcalde de As Somozas que declinou incorporarse ás medidas de presións dos concellos de San Sadurniño, Moeche e Cerdido ante o que consideran un recorte inxusto nos dereitos das veciñas e veciños que pagan impostos coma o resto da poboación e non teñen que agradecer favores a ninguén.

A concelleira e concelleiro do Partido Popular abandonan o salón de plenos.

A continuación toma a palabra o portavoz do BNG, Xesús Soto, que manifesta que causa estupor ver como nun tema tan importante representantes das veciñas e veciños de San Sadurniño optan por abandonar o salón de plenos en lugar de debater. Sinala que o dereito a participar por parte de calquera persoa en plataformas está amparado mesmo pola Constitución. Manifesta tamén que desde que se tivo coñecemento da situación que se produciría no servizo de pediatría, as alcaldías tomaron a iniciativa de solicitar unha reunión co xerente da área sanitaria de Ferrol que contestou no día de hoxe para xuntarse o martes seguinte. Insiste na idea da utilización partidista dos cargos do PP nas administracións.

Sinala por último que a frase que utiliza o PP para xustificar os recortes "non hai pediatras" hai que poñela en contexto para saber as razóns desa falta. Expón unha serie de datos a respecto das ofertas de emprego público do SERGAS desde o ano 2006 á actualidade, sinalando que entre o 2012 e o 2018 sacáronse 42 prazas, das que 27 corresponden á oferta do 2018 que tardarán anos en estar incorporados aos seus postos de traballo. Di que este modelo o que provocou foi a emigración das e dos profesionais ou incorporarse ás empresas privadas.

A portavoz do PSOE, Yolanda Vázquez, di que lle gustaría que neste tema estivese toda a corporación de acordo xa que a sanidade é un dereito e non un privilexio e que non é responsabilidade do Concello xestionar a sanidade; polo que se non hai profesionais terán que buscalos.

O alcalde lamenta que a concelleira e concelleiro do PP marcharan nun acordo da importancia deste, xa que considera que é un xeito de reivindicar un dereito e sería mellor que o pronunciamento fora por unanimidade e que opten por non posicionarse ao respecto. Desminte algunhas afirmacións realizadas pola concelleira do PP a respecto da inexistencia de problemas na sanidade e lembra sucesos coñecidos publicamente que demostran o contrario.

*Rematada a quenda de intervencións, procédese á votación, **resultando aprobada a proposta da Alcaldía con 8 votos a favor das concelleiras e concelleiros presentes do BNG e do PSOE e 2 abstencións da concelleira e o concelleiro do PP, por terse ausentado da sesión unha vez iniciada a deliberación do***




**asunto."**

Ao non haber asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 20:45 horas, de todo o que, como secretaria, dou fe.

O alcalde

Secundino García Casal



A secretaria accidental

Mónica Cibreiro Caneiro

